

Curso 2017/2018

15 de maio de 2018

Á ATENCIÓN DAS FAMILIAS DOS ALUMNOS DE 2º DE BACHARELATO

Estimadas familias:

A punto de rematar 2º de bacharelato, considero importante informalas acerca dalgunhas cuestións sobre a organización académica do final deste curso.

Dende o Colexio queremos ofrecer ao noso alumnado a axuda máis eficaz para que a proba de Avaliación do Bacharelato para o Acceso á Universidade (ABAU) resulte o máis favorable posible.

É por isto que manteremos o horario habitual de clases para preparar rigorosamente cada materia. Habilitarase ademais unha aula para que os alumnos poidan estudar naquelas horas que coincidan coas materias das que non se examinen na ABAU.

Para facilitar o ambiente de traballo, non se permitirá a saída nin entrada ao Colexio polo medio da mañá, agás nas horas de recreo.

Dende o Colexio lembrámoslles ás familias que **é imprescindible a asistencia ás clases entre os días 22 de maio e 8 de xuño coa finalidade de preparar co máximo rigor e seriedade as probas de acceso á universidade.**

Por último, infórmoas sobre as datas e actividades do final de curso:

- ✓ Día 22 de maio ás 8:30: entrega de Notas e Información para a solicitude do título de Bacharel e taxas para a matrícula nas probas de acceso. Día de burocracia e pagos.
- ✓ Día 22 de maio, entrevistas cos profesores (en horario de 16:30 a 18:30 h.)
- ✓ Dende o 23 de maio ó 8 de xuño: clase normal (sen amencer).
- ✓ Días 24 e 25 de maio: festas colexiais.
- ✓ Día 25 de maio, data límite para entregar na secretaría do Colexio os formularios, as compulsas e os xustificantes dos pagos correspondentes ao Título de Bacharel e ás Taxas da ABAU.
- ✓ Día 28 de maio, data límite para a entrega do resgardo asinado da matrícula na ABAU.
- ✓ Día 6 de xuño: San Marcelino Champagnat.
- ✓ Días 12, 13 e 14 de xuño: Probas de Avaliación do Bacharelato para o Acceso á Universidade (ABAU)
- ✓ Día 22 de xuño, publicación das cualificacións provisionais da ABAU.
- ✓ Do 23 ata o 26 de xuño solicitude de segundas correccións e reclamacións ás cualificacións da ABAU.

** Información detallada sobre o calendario da CIUG en <http://ciug.gal/>

